


PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

Aberto o prazo
ata o
31 de outubro



Aquelas que, **na data de solicitude ou na data de inicio da actividade** (atendendo ao modelo 036 ou 037) se axusten a unha destas **dúas posibilidades**:

Persoas autónomas que queren volver emprender e cumpran os seguintes requisitos:

- 1ª
 - ✓ Se dean de alta entre 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2022 no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia ou mutualidade.
 - ✓ Teñan cotizado **antes da nova alta** alomenos 3 meses ininterrompidos no RETA, noutro réxime por conta propia ou mutualidade.
 - ✓ Estar inscritas como demandante de emprego na data inmediatamente anterior á **nova alta** como persoas traballadoras autónomas.
 - ✓ Transcorreran un mínimo de 2 meses entre a baixa e a nova alta no réxime de persoas autónomas.
 - ✓ Teñan domicilio fiscal en Galicia.

Ou ben:

Persoas autónomas que queren cambiar de sector de actividade e cumpran os seguintes requisitos:

- 2ª
 - ✓ Inicien, entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2022, unha nova actividade nun **sector diferente ao anterior** como persoa autónoma.
 - ✓ Teñan cotizado, antes da nova alta, alomenos 6 meses ininterrompidos no RETA, noutro réxime por conta propia ou mutualidade.
 - ✓ Teña un **alta no IAE como persoa traballadora autónoma nun sector diferente** ao anterior (a través do modelo 036 ou 037 correspondente).
 - ✓ Teñan domicilio fiscal en Galicia.

PROGRAMA NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

10.600€
Axuda máxima



Contía dos apoios

1. Bono Nova Oportunidade

Para todas aquelas persoas que cumpran os requisitos como persoas beneficiarias.

9.000 €
Por persoa beneficiaria

2. Bono Formación e/ou Bono Méntoring

1. Para realizar un mínimo de 40 horas de formación en: formación xerencial, xestión comercial ou financeira, márketing dixital ou outras directamente relacionadas co negocio.
2. Para recibir un mínimo de 40 horas de acompañamento dunha persoa mentora con traxectoria profesional e/ou sectores de actividade similares aos da persoa beneficiaria.
3. Para realizar un mínimo de 40 horas combinadas de formación e méntoring.

1.600 €
Por persoa beneficiaria



Os dous bonos **son acumulables**, sempre que se conceda o Bono Nova Oportunidade



Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 1008|2022



Documentación complementaria

Xunto coa solicitude (Anexo I) **deberase** achegar a seguinte documentación:

→ Modelo 036 ou 037 de alta censal na AEAT no caso das persoas que xa se deran de alta no momento de presentar a solicitude. **As persoas autónomas socias de cooperativas** deben presentar ademais, a alta censal 036 da cooperativa.

→ Poder suficiente da persoa representante no caso de actuar mediante representación.

→ **E só NO CASO de persoas mutualistas** de colexios profesionais:

- Certificado de alta como mutualista no caso de estar xa de alta no momento de presentar a solicitude.
- Certificado de baixa como mutualista co detalle do tempo que pasou en situación de alta como mutualista.